

CAMPO DE VOLUNTARIADO "O BATAN DE MEZONZO"

(VILASANTAR – A CORUÑA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
17-28/08/2022	18-30	Internacional	Medioambiental e restauración	15



LOCALIZACIÓN

Vilasantar é un concello da provincia da Coruña.

Consérvanse megalitos, como as mámoas de Vilariño, a mámoa de Pedriño ou a medorra de Fanegas. Da cultura castrexa consérvanse castros coma o de Vilariño ou o das Corredoiras. Da romanización hai restos do campamento romano da Ciadella, o máis extenso dos descubertos en Galicia, situado entre os concellos de Sobrado dos Monxes e Vilasantar.



O batán é un artefacto de madeira, construído xeralmente nun curso fluvial, que consta duns mazos que ao moverse alternativamente pola acción da auga, vai batendo

os tecidos fabricados nos teares para desengraxalos e que se entupan.

A historia deste batán está ligada ao mosteiro de Mezonzo que data de finais do século XII. Crese que foron os propios monxes os que o construíron. Estivo en funcionamento ata o ano 1954.

O último Bataneiro

Nado nos anos 30 do século pasado na Casa do Batán, Pepe convértese aos 12 anos no bataneiro tras a repentina morte do seu pai. Rexentará o Batán ata o seu peche en 1954. Pero Pepe nunca abandonaríaa o Batán. Con máis de oitenta anos, Pepe segue vivindo na Casa do Batán e esperando a que cheguen visitantes para baixar ao batán unha vez máis, a contar a súa historia e poñelo a funcionar.

DESCRIPCIÓN DO CAMPO

Actividades principais:

1. Limpeza dos accesos, retirada de vexetación invasora, acondicionamento das varandas e das escaleiras de acceso, sinalización...
2. Recuperación e rehabilitación de pezas propias do batán.

CAMPO DE VOLUNTARIADO "O BATAN DE MEZONZO"

(VILASANTAR – A CORUÑA)

3. Acondicionamento da Ruta PRG-195 dos Muíños do Río das Gándaras e da Ruta Camiño Espiritual de San Pedro de Mezonzo.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Obradoiro de agricultura ecolóxica.
- Ruta espiritual de San Pedro de Mezonzo.
- Excursións ao Castro de Baroña e ás Fragas do Eume.
- Veladas e foliadas.



COMO CHEGAR

Por estrada, dende A Coruña, www.arriva.gal e dende Santiago de Compostela ou Lugo con www.monbus.es.

A estación de tren de Teixeiro, en Curtis, dispón de conexións diarias coa Coruña e Lugo www.renfe.es.

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Escola de Agricultura Ecolóxica de Vilasantar.

<http://xuventude.xunta.es/component/k2/item/13958-escola-de-agricultura-ecologica-vilasantar-vilasantar>

INCORPORACIÓN

O primeiro día a partir das 16.00 h na estación de ferrocarril de Curtis-Teixeiro.


COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa ou de familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

DEVOLUCIÓN DA COTA


Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

- Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- Ingreso hospitalario, causa médica grave ou diagnóstico positivo en Covid 19 que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada, ou coa certificación do resultado da proba da Covid 19.
- Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.
- Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.



EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo e toallas de ducha.
- Saco de durmir e mochila pequena para rutas.
- Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo.
- Roupa: de deporte (suadoiros...), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa idónea para poder realizar o traballo no caso de choiva ou frío) e unha gorra.





CAMPO DE VOLUNTARIADO "O BATAN DE MEZONZO"

(VILASANTAR – A CORUÑA)

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado:

T. 981 957 115 - camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude e Voluntariado da Coruña:

T. 881 881 238 - camposcoruna.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado